

TECNOLOGIA Y RECICLAJE DE MATERIALES S.L.
D. FRANCISCO JAVIER DÍAZ TEJERO IZQUIERDO
LG Do Cebreiro, S/N
15821 O PINO

NOTIFICACIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

Expediente núm.: IG285.2024.1.304.SDEIESG

Titular: TECNOLOGIA Y RECICLAJE DE MATERIALES S.L.

NIF/CIF: B15965643

Programa: AXUDAS A SERVIZOS MODULARES DE ASESORAMENTO ESPECIALIZADO A EMPRESAS GALEGAS PRESTADOS POR ENTIDADES COLABORADORAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

En relación ao expediente arriba citado, comunícolle que con data do 27 de xuño de 2024 a directora xeral do Igape ditou a resolución que se xunta a esta notificación.

*A citada resolución asinouse electronicamente e pode comprobar a súa veracidade no enderezo <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos) cos seguintes parámetros:
IDE:BB6A52A5-6BF030CB-29B4113C-5D3D6982-89E08D06 CC:16.*

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

O Subdirector de Competitividade Empresarial

Xosé Eladio Otero García



Resolución de concesión de axuda

AXUDAS AOS SERVIZOS MODULARES DE ASESORAMENTO ESPECIALIZADO A EMPRESAS GALEGAS PRESTADOS POR ENTIDADES COLABORADORAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente: IG285.2024.1.304.SDEIESG

Titular: TECNOLOGIA Y RECICLAJE DE MATERIALES S.L.

NIF: B15965643

Entidade colaboradora: VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.

1. Antecedentes:

A Área de Competitividade do Igape formulou a proposta para a resolución de concesión de axuda do expediente arriba citado.

Na tramitación do expediente cumpríronse todas as formalidades e os requisitos establecidos.

2. Resolución:

Sentido da resolución: APROBATORIA

Importe da subvención: 5.040 €

Modalidade da subvención: a fondo perdido

Importe subvencionable: 6.300 €

Importe con fondos Feder (60%): 3.780 €

Custo total da operación: 6.300 €

Esta axuda incardínase no réxime de axudas de *minimis* establecido no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE do 15 de decembro), no Regulamento (CE) n° 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), modificado polo Regulamento (UE) n° 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro e Regulamento (UE) n° 023/2391 da Comisión, do 4 de outubro, polo que se modifican os regulamentos (UE) n° 717/2014, (UE) n° 1407/2013, (UE) n° 1408/2013 e (UE) n° 360/2012, no que incumbe ás axudas de *minimis* para a transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura, e o Regulamento (UE) n° 717/2014, no que respecta ao importe total das axudas de *minimis* concedidas a unha única empresa, o seu período de aplicación e outros asuntos.

3. Condicións particulares:

3.1 Definición do servizo prestado:

a) Título do servizo: DESENVOLVEMENTO DUNHA ESTRATEXIA DE INTEGRACIÓN ASG EN TYRME, S.L.

b) O servizo vai consistir en:

- Axudar á empresa para integrar consideracións ambientais, sociais e de gobernanza (ESG) na súa estratexia e operacións para lograr un desempeño sustentable e xerar valor a longo prazo. Inclúe actividades como análises e avaliación de ESG, diagnóstico global e definición dunha folla de ruta de ESG, informe e divulgación, e integración de consideracións ESG na toma de decisións.



c) Os conceptos subvencionables do servizo aprobado, distribúense nos seguintes capítulos e polos importes que se sinalan a continuación:

Conceptos subvencionables	Importe subvencionable €
Servicio de v. Servizos para o desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG.	6.300

	Importe subvencionable €	%	Subvención € ¹
Total:	6.300	80	5.040

¹ Para calcular a contía da axuda concedida tiveronse en conta os límites establecidos no artigo 7 da Resolución do 27 de decembro de 2023 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), pola que se publican as bases reguladoras desta liña de axudas.

Nestes gastos aplícase o método de custos simplificados baseado en sumas a tanto alzado. Os importes dos incentivos establecidos como sumas a tanto alzado calculáronse mediante un método xusto, equitativo e verificable, tomando como referencia os datos de licitacións anteriores realizadas no ano 2019 para contratos de servizos similares, actualizados de acordo coa evolución da inflación, conforme ao disposto no artigo 53.3.a.ii) do Regulamento 2021/1060.

A axuda concedida incardínase no réxime de axudas en *minimis*, polo que no caso de superarse os límites do réxime de *minimis* aplicable, reducirase o importe da subvención concedida na parte que proceda.

3.2 Condicións derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:

Esta convocatoria é susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 60%, e computa como cofinanciamento nacional o cofinanciamento do 20%, mediante fondos propios da Comunidade Autónoma, e o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante. En particular:

Obxectivo político 1: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3. Reforzar o crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación 1.3.04. programa Re-acciona (prestación de servizos avanzados de competitividade para as empresas galegas, especialmente pemes).

Ámbito de intervención 024. Servizos avanzados de apoio ás pemes e agrupacións de pemes (incluídos os servizos de xestión, comercialización e deseño).

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A persoa beneficiaria comprométese a executar as actuacións que fundamentan a concesión da subvención, nas que poderán participar en todo momento técnicos do Igape, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.

A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén supón a recepción deste documento a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións. A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.



A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda Feder da operación.

A persoa beneficiaria deberá manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os investimentos financiados con fondos Feder.

A persoa beneficiaria deberá someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, ás auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos e achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se lle efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.

A persoa beneficiaria comprométese a comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención.

A persoa beneficiaria comprométese a cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Feder, segundo o establecido no anexo IV das bases reguladoras.

A persoa beneficiaria comprométese a evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio Do no significant harm-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

Os indicadores de realización asociados a esta axuda son os seguintes:

Identificador: RCO13

Nome: valor de servizos, produtos e procesos dixitais desenvolvidos para empresas.

Unidade de medida: euros

Valor estimado para esta operación: 3.500.000 €

A axuda concedida á persoa beneficiaria contribuirá á consecución do seguinte indicador de resultado:

Identificador: RCR12

Nome: usuarios de novos produtos, servizos e aplicacións dixitais novos e mellorados, desenvolvidos por empresas.

Unidade de medida: usuarios/año

Valor estimado asociado para esta operación: 1.405

O intercambio electrónico de datos da operación farase a través do enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, tal como se recolle no artigo 18 das bases reguladoras.

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está a persoa beneficiaria do proxecto é a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O organismo con senda financeira en cuxa senda financeira está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

O organismo que selecciona a operación e expide o DECA é o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria, recoñecerá a axuda dos fondos europeos, a través do Feder, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel_publicidade_web_Re-acciona.pdf



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras



O obxectivo principal destas axudas é o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

O resultado que se pretende acadar é a posta en marcha dun programa de servizos a pemes que, a través de empresas colaboradoras, permita ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos relacionados co seu desenvolvemento estratéxico, profesionalización e innovación.

- b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

- c) Exibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; nos casos en que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

https://www.igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-02-consolidacion/Cartel_fisico_Re-acciona.pdf



Axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras



O obxectivo principal destas axudas é o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

O resultado que se pretende acadar é a posta en marcha dun programa de servizos a pemes que, a través de empresas colaboradoras, permita ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos relacionados co seu desenvolvemento estratéxico, profesionalización e innovación.

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar un único cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea, se así llo solicitan.

A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento de uso do emblema europeo (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.

3.3 Condicións de execución do proxecto:

DATA INICIO PROXECTO	DATA SOLICITUDE	DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	DATA ESTIMADA FIN DA OPERACIÓN	CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO
20/06/2024	20/06/2024	30/11/2025	30/11/2025	30/11/2025	Perderase o dereito ao cobro da axuda

Os prazos de execución e xustificación do proxecto réxense polo disposto no resolvo Sexto e nos artigos 5 e 18 das bases reguladoras da axuda.

3.4 Condicións para o aboamento da subvención:

Para o aboamento da subvención, a entidade colaboradora deberá presentar unha relación dos servizos executados para os que adiantou a axuda, xunto coa documentación establecida no artigo 18.5 das bases reguladoras para cada un dos servizos incluídos.



O Igape aboaralle directamente á entidade colaboradora o importe da subvención, nun prazo medio de 30 días desde a presentación da relación dos servizos, na conta especificada no momento da adhesión.

4. Consideracións legais e técnicas:

Para todo o non establecido nesta proposta, estarase ao disposto na normativa seguinte:

- Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 15 de decembro de 2023); Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014); Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), modificado polo Regulamento (UE) nº 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 (DOUE L 51 do 22 de febreiro de 2019) e Regulamento (UE) 2023/2391 da Comisión, do 4 de outubro de 2023, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 717/2014, (UE) nº 1407/2013, (UE) nº 1408/2013 e (UE) nº 360/2012, no que incumbe ás axudas de minimis para a transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura, e o Regulamento (UE) nº 717/2014, no que respecta ao importe total das axudas de minimis concedidas a unha única empresa, o seu período de aplicación e outros asuntos.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).
- A normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos e Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- Resolución do 27 de decembro de 2023 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), pola que se publican as bases reguladoras da axuda.
-

A Dirección Xeral do Igape é competente para resolver o expediente segundo o artigo 12 da Resolución do 27 de decembro de 2023 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro).

5. Recursos:

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación desta resolución.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
---------------	---------	------------------	------



A directora xeral do Igape

Covadonga Toca Carús

Santiago de Compostela

A indicada no pé de
páxina

Anexo de documentación xustificativa:

A efectos informativos, indícaselle que para o aboamento da subvención a entidade colaboradora deberá presentar, obrigatoriamente por vía electrónica, a documentación establecida no artigo 18.5 das bases reguladoras para cada un dos servizos incluídos na relación de servizos executados para os que adiantou a axuda:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Entregables definidos na oferta técnica do servizo.
- c) Factura xustificativa, que reflecta con claridade os seguintes datos: i. Data de emisión. ii. Nome ou razón social e NIF do beneficiario. iii. Descricións do servizo prestado. iv. Importe neto do servizo segundo o prezo fixado, que conformará a base imponible da factura. v. IVE e total da base imponible máis IVE. vi. Axuda do programa Re-acciona do Igape, calculada de acordo co artigo 7 como o 80 % do importe fixado do servizo. Na factura debe figurar o importe da Axuda, a Base imponible, o IVE e constar o seguinte literal: «Programa Re-acciona: axuda do Igape como cesión de crédito do beneficiario á entidade colaboradora». vii. Total que ten que pagar o beneficiario (o beneficiario ten que pagar o total IVE incluído menos a axuda do Igape). viii. Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.
- d) Xustificante bancario do pagamento. Só se admitirán pagos nos que unha entidade bancaria certifique que o pago ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto, identifique claramente o concepto da transferencia, o receptor e o emisor do pagamento e a súa data efectiva. En particular, non se admitirán pagamentos en efectivo.

Asinado electrónicamente por Covadonga Toca Carús en data 27/6/2024.

IDE: BB6A52A5-6BF030CB-29B4113C-5D3D6982-89E08D06 CC: 16

Pódese verifica-la autenticidade deste documento en <http://tramita.igape.es> (Verificación de documentos)